



DECRETO

Expediente núm.: 580/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

Á vista dos seguintes antecedentes:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Antecedentes

O Concello de Nigrán ven celebrando anualmente o tradicional concurso de comparsas de Entroido como forma de expresión artística e festeira que comparten os veciños e veciñas do municipio.

Constan incorporadas ao expediente a proposta de resolución da Concellería, o informe de fiscalización da intervención xeral e a correspondente retención do crédito orzamentario.

Fundamentos de Dereito

A disposición adicional décima da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón que regulamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza, que deberá axustarse ao contido desa lei, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable. Non consta que teña realizado o aludido desenvolvemento regulamentario desta disposición.

Pola súa banda, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027 do Concello de Nigrán, aprobado en sesión plenaria do 1/10/2024, dispón que os premios quedan excluídos do dito plan agás naqueles casos nos que expresamente se inclúan dentro de algunha liña de subvencións. En consecuencia, o Concello poderá convocar concursos que impliquen a concesión de premios con contido económico, previa a aprobación das correspondentes bases e mediando a publicidade debida. Por outra banda, dentro das liñas estratéxicas núm. 2 “fomento da cultura” e núm. 3 “fomento da participación veciñal” inclúense os premios correspondentes a concursos ou semellantes.

Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

RESOLUCIÓN





PRIMEIRO.- Aprobar as bases para o concurso de comparsas do Entroido para o ano 2025, así como os seus anexos, que terán o seguinte contido:

1. Obxecto

Estas bases regulan a concesión por parte do Concello de Nigrán dos premios do concurso de comparsas de Entroido do ano 2025, coa finalidade de fomentar a creatividade artística, a participación cidadá e a promoción da cultura e das festas tradicionais.

Os premios concederanse en réxime de concorrencia competitiva, comparándose as comparsas presentadas a fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases, e adxudicando os premios en función da valoración realizada polo xurado.

Os premios son compatibles con calquera subvención, axuda ou ingreso para a mesma finalidade, procedente de calquera das administracións ou entes públicos, privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Financiamento

Os gastos inherentes a este concurso imputaranse á partida orzamentaria 338.48100 do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán.

3. Inscripción de participantes

Poderán participar no desfile de Entroido todas as comparsas que contén cun número de participantes superior aos vinte membros, dos cales un mínimo de dez terán que ser adultos. Aquelas comparsas que non estean inscritas pero desexen participar no desfile, poderán facelo pero sen opción a premio, manifestándoo previamente por escrito ao Concello.

Para poder optar aos premios, as comparsas deberán tramitar ante o Concello a correspondente inscrición, que poderá formalizarse a partir da data de publicación das bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Nigrán (<https://nigran.sedelectronica.gal>), e ata o día 24 de febreiro do ano en curso.

Para formalizar a inscrición será imprescindible achegar a ficha de inscrición (Anexo I destas bases) e a ficha técnica (Anexo II) con todos os campos completos, así como xuntar a seguinte documentación:

No caso das asociacións:

- Fotocopia do CIF.
- Fotocopia do DNI da persoa representante.
- Certificado de conta bancaria a nome da asociación solicitante.





- Certificado de estar ao corrente no pagamento de débedas ante a Facenda Galega e Estatal, e ante a Seguridade Social.

No caso de que a solicitude de inscrición se leve a cabo por unha asociación, esta deberá achegarse electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Nigrán, tal como esixe o artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

No caso de persoas físicas:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- Certificado de conta bancaria a nome da persoa solicitante
- Anexo III, no que a persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que está ao corrente no pagamento de débedas ante a Facenda Galega e Estatal, e ante a Seguridade Social, e no que as persoas integrantes da comparsa autorizan á persoa solicitante para o cobro dun eventual premio.

No caso de que a solicitude de inscrición se leve a cabo por persoas físicas, esta poderá realizarse ou ben electronicamente a través do formulario electrónico habilitado para estes efectos na sede electrónica do Concello de Nigrán (<https://nigran.sedelectronica.gal>), ou ben a través de calquera outro medio dos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

4. Actos previstos para as comparsas

4.1. O desfile comezará o venres día 7 de marzo ás 21.00 horas, partindo da rúa Rosalía de Castro ata a estrada do Ceán. Á altura do edificio da casa consistorial actuará cada unha das comparsas ante o xurado.

As comparsas deberán presentarse na Rúa Rosalía de Castro unha hora antes do inicio do desfile. Se 15 minutos antes do comezo algunha das comparsas non está preparada na súa totalidade, a organización resérvase o dereito de descalificala para optar aos premios.

O sorteo da orde de saída celebrarase o día 26 de Febreiro no salón de plenos municipal ás 12.00 horas. A este acto poderán asistir os representantes das comparsas participantes. O resultado do sorteo publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Ao remate da última actuación, terá lugar a valoración do xurado e a entrega de premios, debendo permanecer ata ese momento todas as comparsas disfrazadas e co equipamento utilizado nas súas actuacións.

4.2. Se a previsión meteorolóxica fose adversa para dita data, a celebración do concurso poderá trasladarse a unha nova data pendente de determinar, mantendo a mesma hora e o mesmo lugar, e abríndose un segundo prazo de inscricións que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.





5. Xurado e criterios de valoración

5.1. O xurado, nun número impar non superior a 7 membros, designarase pola Alcaldía e estará composto por:

- Membros das entidades socio-culturais do Concello de Nigrán, cuxa entidade non participe nas comparsas.
- Persoas relacionadas co mundo da cultura e o espectáculo.

5.2. Como criterios para a valoración das comparsas a efectos da concesión dos premios, o xurado terá en conta a orixinalidade, o vestiario, música, a actuación (coreografía e/ou escenificación) e o número de participantes de cada unha das comparsas.

5.3. O xurado poderá deixar deserto algún premio. De haber menos comparsas que premios, o número destes reducirase axustándose ao número de comparsas inscritas.

5.4. O xurado queda facultado para resolver as reclamacións e todos aqueles aspectos non expresamente contemplados nestas bases, agás aqueles que por cuestións competenciais correspondan a órganos municipais.

6. Premios

As comparsas participantes serán premiadas de acordo coa valoración do xurado con premios en metálico cun importe mínimo de 100€ e un máximo de 700€, repartíndose estes entre os primeiros 20 cualificados do xeito que segue:

1º Premio: 700 €

2º Premio: 600 €

3º Premio: 500 €

4º Premio: 400 €

5º Premio: 300 €

6º Premio: 250 €

7º a 20º Premio: 100 €

En base á lexislación vixente, no caso dos premios superiores a 300 euros aplicarase unha retención do 19 % de I.R.P.F. aos beneficiarios que sexan persoas físicas.

Aquelas comparsas pertencentes a asociacións culturais, deportivas e veciñais do Concello de Nigrán inscritas no Rexistro Municipal de asociacións que participen no desfile, percibirán unha dotación adicional de 300 euros cada unha, ata un máximo de cinco asociacións e por orde de inscrición.





Os premios entregaranse en cheques-formato e serán abonados mediante transferencia bancaria á conta que se indique na solicitude de inscrición.

7. Publicidade

As bases do concurso e as fichas de inscrición estarán dispoñibles no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Nigrán (<https://nigran.sedelectronica.gal>)

SEGUNDO.- Publicar as bases aprobadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Proceder á publicación desta resolución, que pon fin á vía administrativa, advertindo que contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

O alcalde

Dou fe, o secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



**CONCELLO DE NIGRÁN**

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

**ANEXO I: FICHA DE INSCRICIÓN PARA O ENTROIDO NIGRÁN 2025**

NOME DA COMPARSA:

NÚMERO DE INTEGRANTES:

☐ **Asociación veciñal, deportiva ou Centro Cultural**

Nome:

Nome e apelidos do presidente/a

Concello ao que pertence :

☐ **Persoas Físicas**

Nome do representante:

Concello ao que pertence:

PERSOA DE CONTACTO:

ENDEREZO:

TELÉFONOS DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO

Os abaixo asinantes aceptan as bases e manifestan o seu desexo de participar no concurso.

Sinatura do representante (no caso de persoas físicas) ou do Presidente/a (no caso de asociacións)

Nigrán, a de Febreiro de 2025

D./D^a. DNI

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Nigrán e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Nigrán poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro.



**CONCELLO DE NIGRÁN**

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org


**ANEXO II: FICHA TÉCNICA ENTROIDO NIGRÁN 2025****COMPARSA:****NÚMERO DE INTEGRANTES:****TELÉFONOS DE CONTACTO:****MÚSICA DA COMPARSA:**☐ Orquestra☐ Charanga**NECESIDADES PARA A ACTUACIÓN:****TIPO DE ACTUACIÓN:****TEMPO NECESARIO PARA A ACTUACIÓN:****¿TRAEN PRESENTADOR?** ☐ SI ☐ NON***INFORMACIÓN PARA O PRESENTADOR DO CONCURSO:**Nigrán, a de Febreiro de 2025

Sinatura do representante (no caso de persoas físicas) ou do Presidente/a (no caso de asociacións)

D./D^a.

DNI





ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE E INFORMACIÓN PARA A COBRANZA DE PREMIOS (SOLICITANTES PERSOAS FÍSICAS)

1. Quen subscribe, D/Dª con DNI
 declaro baixo a miña responsabilidade que estou ao corrente no pagamento de
 débedas ante as facendas galega e estatal, así como ante a Seguridade Social.
 Nigrán, a de Febreiro de 2025

Sinatura da pessoa solicitante:

D./D ^a .		DNI	
---------------------	--	-----	--

2. Os abaixo asinantes membros da comparsa que participan no Concurso de Comparsas do Entroido de Nigrán 2025, autorizamos a:

D/D^a con DNI

para o cobro do premio que o Xurado do Concurso de Comparsas poda outorgar.

No seu caso, o ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria:

Núm. IBAN:

Da que o titular é

Nigrán, a de Febreiro de 2025

Sinaturas das persoas integrantes da comparsa e números de DNI:

[illegible]